

**ESTATUTOS DA**  
*Asociación de Desenvolvemento Comarca da Terra Chá.*

**TÍTULO I. DENOMINACIÓN E RÉXIME LEGAL**

**Artigo 1.**

1.1 Constitúese a Asociación de desenvolvemento da “Comarca da Terra Chá” como unha entidade que se rexerá polo artigo 22 da Constitución, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, polo Real Decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, polos presentes estatutos e polo regulamento de réxime interno que, de ser o caso, se aprobe, así como polos acordos validamente adoptados na Asemblea Xeral e órganos directivos dentro da esfera da súa respectiva competencia.

1.2 A asociación rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

**Artigo 2.**

A Asociación carece de ánimo de lucro.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da Asociación, sen que se poidan repartir entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con fin lucrativo.

**TÍTULO II. DOMICILIO SOCIAL E ÁMBITO DE ACTUACIÓN**

**Artigo 3.**

A Asociación fixa o domicilio social no edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vilalba, rúa Carmiña Prieto Rouco s/n, Vilalba (Lugo). Poderanse crear sedes sociais noutras localidades mediante acordo da Asemblea Xeral.

**Artigo 4.**

A Asociación terá como ámbito de actuación os concellos de Abadín, A Pastoriza, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Riotorto, Vilalba, Xermade, na provincia de Lugo, que constitúen a Comarca da Terra Cha, sen prexuízo de que poida estenderse por necesidades operativas dos seus programas e actividades.

**TÍTULO III. OBXECTIVOS E ACTIVIDADES**


**Artigo 5.**

1.- A Asociación constitúese coa finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio de actuación, para acadar os seguintes fins:

- a) Vertebrar os diferentes sectores socioeconómicos e constituír un foro de debate continuo sobre os problemas da zona, prestando especial atención aos mozos, ás mulleres, á protección do ambiente e á creación de emprego.
- b) Sensibilizar as Administracións locais, autonómica, estatal, así como as institucións comunitarias europeas, canalizando as demandas da poboación do territorio, ó obxecto de optimizar o aproveitamento dos recursos endóxenos da zona de cara ao seu desenvolvemento harmónico e integral.
- c) Ser centro receptor e distribuidor de toda a información relativa ao desenvolvemento socioeconómico do medio rural, local e galego, tanto a nivel nacional coma internacional, centrándose esta labor principalmente no coñecemento dos recursos e promoción de proxectos e iniciativas de interese para lograr un desenvolvemento harmónico, equilibrado, endógeno, sostible e integral.
- d) Posibilitar entre os asociados e outros interesados o intercambio de experiencias e metodoloxías de animación e desenvolvemento socioeconómico.
- e) Potenciar, revalorizar e preservar os recursos naturais, culturais, históricos e artísticos da zona.
- f) Concienciar á poboación da necesidade de protexer o contorno rural, e tomar parte activa niso, mediante actividades orixinais e innovadoras.
- g) Formular e transmitir á poboación a estratexia adecuada para lograr o desenvolvemento da zona, así como promover a súa aplicación.
- h) Articular unha dinámica de participación que facilite o desenvolvemento tanto social como económico.

2.- Para acadar os ditos obxectivos, a Asociación poderá desenvolver as seguintes actividades:

- a) Desenvolver iniciativas para intentar frear ó éxodo rural, así como para fomentar a creación de emprego.
- b) Sensibilizar o tecido socioeconómico da comarca sobre os problemas, recursos, accións e proxectos que contribúan aos seus intereses de desenvolvemento.
- c) Organizar, promover, coordinar e realizar todo tipo de actividades socioculturais, tales como seminarios, conferencias, xornadas, investigacións e estudos relativos aos problemas de desenvolvemento da zona, así como editar, no seu caso, todo tipo de material en soporte escrito, audiovisual ou informático, de carácter especializado, didáctico ou, simplemente, divulgativo.



- d) Solicitar ante calquera instancia e executar, no seu caso, a realización de calquera actividade, programa ou proxecto relacionado cos obxectivos da Asociación.
- e) Proxectar, preparar e executar cantas accións ou actividades sexan necesarias para acadar unha axeitada formación e posta ao día permanente de todos os colectivos vinculados ao desenvolvemento, especialmente dos membros da Asociación.
- f) Promover o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo, así como a busca de liñas de actuación conxunta con entidades análogas, nacionais ou internacionais.
- g) Levar a cabo as campañas de difusión e publicidade que se estimen necesarias e que os medios permitan.
- h) Recoller, tratar, difundir e intercambiar documentación e información relativa ao desenvolvemento rural a través dos medios adecuados.
- i) Implicarse na xestión de programas de desenvolvemento do seu territorio.
- j) Promover directamente actuacións e proxectos que incidan no desenvolvemento do territorio de actuación.
- k) Realizar cantas actividades podan resultar necesarias ou consecuentes coas anteriores.

## TÍTULO IV. SOCIOS

### Artigo 6.

1.- A Asociación de desenvolvemento da “Comarca da Terra Cha” estará integrada por un conxunto equilibrado e representativo dos interlocutores dos diferentes sectores socioeconómicos, tanto públicos como privados, con arraigo no ámbito de actuación da asociación, debendo ter tamén un carácter equilibrado e representativo no plano territorial. Non poderán forma parte da asociación as persoas físicas e as sociedades mercantís, excepto as seguintes entidades de economía social: cooperativas, sociedades agrarias de transformación e sociedades laborais. Rexerá o principio de portas abertas, de xeito que se garanta permanentemente a incorporación de asociados.

2.- A efectos de adopción de decisións, o sector privado, constituído polos axentes económicos e sociais así como por outros representantes da sociedade civil, deberá representar como mínimo o 51% dos votos en todos os órganos de decisión. Ademais ningún grupo de interese concreto (público ou privado) representará máis do 49% dos dereitos de voto na toma de decisións. Na toma de decisións, os representantes das entidades directamente interesadas no asunto non poderán estar presentes nas votacións e se evitará o conflito de interese segundo o que establece no artigo 26.

3.- Para que unha entidade teña a condición de asociado deberá figurar na lista de fundadores ou ben , unha vez constituída a asociación, solicitar o ingreso mediante un escrito dirixido ao Presidente, a vontade expresa de adherirse á Asociación e de comprometerse coa consecución dos fins estatutarios. Debe xuntarse, ademais, un acordo do órgano competente da entidade que exprese a vontade de ser socio e a persoa que a representará na Asociación.

4.- Cando un candidato a ser asociado non teña o seu domicilio social no ámbito de actuación desta asociación deberá demostrar que desenvolve unha actividade relevante e consolidada no tempo en dito ámbito territorial.

5.- Cando unha entidade solicite a entrada na asociación, unha vez constituída esta, deberá acreditar, como mínimo, un ano de actividade no ámbito territorial da asociación.

6.-O Presidente trasladará a solicitude á Xunta Directiva, que deberá resolver nun prazo non superior a dous meses dende a data de presentación, adscribindo ó solicitante a unha das mesas sectoriais segundo o seu interese preferente. Contra o acordo denegatorio da admisión o solicitante poderá recorrer perante a primeira Asemblea Xeral que teña lugar, debendo figurar este asunto expresamente na orde do día correspondente.

7.- Non se adquire a condición de asociado, tanto os fundadores como os membros que se incorporen con posterioridade, mentres non se satisfagan a cota de entrada establecida e as débedas pendentes coa Asociación.

8.- Todos os asociados son elixibles para calquera dos cargos dos órganos decisorios.

### Artigo 7.

A baixa da Asociación por calquera motivo non exime ao asociado de satisfacer as obrigas e compromisos de calquera natureza que tivera pendentes.

Perderase a condición de socio:

1º.- Por decisión voluntaria do asociado, comunicada por escrito ao Presidente.

2º.- Por sanción imposta pola Xunta Directiva, de xeito motivado e con audiencia do interesado, por incumprimento grave ou reiterado das obrigas inherentes á condición de socio. O acordo de expulsión notificarase por escrito e contra el caberá recurso ante a primeira Asemblea Xeral que se realice.

3º.- Por extinción da persoa xurídica.

### Artigo 8.

Os socios teñen os seguintes dereitos:

- a) Elixir e ser elixidos para formar parte da Xunta Directiva, da Comisión Permanente e doutros órganos que se poidan crear.
- b) Participar con voz e con voto na Asemblea Xeral.
- c) Obter información sobre calquera aspecto da marcha da Asociación que lle poda resultar de interese.
- d) Os demais que resulten das normas legais e dos estatutos da Asociación, ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.
- e) Participar nas actividades da Asociación.



Para poder participar na Asemblea Xeral e nas actividades da Asociación será necesario estar ao corrente no pagamento das cotas.

#### Artigo 9.

Son obrigas dos socios:

- a) Satisfacer a cota de entrada, que será de dez euros, e a de mantemento, que será de doce euros anuais.
- b) Asistir ás asembleas xerais e acatar os estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos sociais.
- c) Ocupar os cargos para os que resulten elixidos e desempeñar fielmente as obrigacións inherentes a ditos cargos.
- d) Participar e realizar cantas tarefas lles sexan encomendadas pola Asemblea Xeral, a Xunta Directiva, as Mesas Sectoriais das que formen parte, a Comisión Permanente ou outros órganos que se creen.
- e) Ausentarse nos debates e votacións sobre asuntos nos que teñan interese directo por motivos de titularidade, económicos, ou societarios, de parentesco ate o terceiro grao de consanguinidade, afinidade ou adopción, ou de amizade íntima ou inimidade manifesta.
- f) Fomentar os obxectivos que promove a Asociación.
- g) Cumprir os demais deberes que resulten dos preceptos legais e estatutarios ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.

### TÍTULO V. ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

#### Artigo 10.

1.- Os órganos colexiados da Asociación son, como mínimo:

- a) A Asemblea Xeral.
- b) A Xunta Directiva.
- c) As Mesas Sectoriais.
- d) A Comisión Permanente.

2.- Os órganos unipersonais son, como mínimo, o presidente, o vicepresidente, o secretario e o tesoureiro. Os titulares destes órganos son elixidos pola Xunta Directiva de entre os seus membros, por un período de un ano, con posibilidade de ser reelixidos ata acadar catro anos consecutivos no cargo coa excepción dos membros do sector público que serán renovados en función da súa permanencia no cargo público que ostentan en cada entidade pública que representen.

#### Artigo 11.

1.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación, e estará integrada por todos os asociados.

2.- A Asemblea Xeral é o órgano competente sobre os seguintes asuntos:

- a) Aprobación das contas do exercicio anterior e o orzamento do exercicio seguinte.
- b) Aprobación da memoria de actividades e as actividades a realizar.
- c) Solicitude de declaración de utilidade pública.
- d) Establecemento do número, composición e representatividade dos órganos da asociación que se creen.
- e) Nomeamento e cesamento anticipado dos membros da Xunta Directiva.
- f) Coñecemento sobre cantas cuestións afecten á boa marcha da entidade que sexan sometidas á súa consideración pola Xunta Directiva ou polos asociados como rogo ou pregunta.
- g) Aprobación e modificación dos estatutos sociais.
- h) Disolución da Asociación.
- i) Disposición ou alleamento de bens.
- j) Constitución de federacións ou integración nelas.
- k) Aprobación do regulamento de réxime interior.
- l) Acordar a contía das cotas de ingreso e periódicas. A Asemblea poderá acordar establecer importes diferentes para asociados públicos e privados. A Contía da cota de ingreso será igual á achega fundacional, podendo a Asemblea establecer unha actualización anual non superior ó IPC
- m) Remuneración das persoas que ocupen cargos nos órganos da Asociación. Esta será a relativa ós gastos de desprazamento e a comida do día da reunión, cos límites publicados no DOGA.

#### Artigo 12.


1.- Cada asociado terá dereito a un voto, se ben para o cómputo deste nas votacións debe terse en conta a regra do artigo 6.2º sobre o equilibrio de poder entre os sectores público e privado, grupo de interese e conflito de interese.

2.- Os acordos sobre os asuntos sinalados nas letras a) a f) do apartado 2 do artigo 11 aprobaranse por maioría simple dos socios presentes ou representados.

Non obstante, requirirase maioría dos dous tercios dos socios presentes ou representados para decidir sobre os asuntos sinalados nas letras g) a l) do apartado 2 do artigo 11.

#### Artigo 13.

1.- A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario alomenos unha vez ao ano para aprobar, como mínimo, as contas e os orzamentos. A convocatoria realizaraa o presidente con seis días de antelación, polo menos, á data da reunión, achegando a orde do día coa convocatoria.



2.- A Asemblea Xeral reunirase con carácter extraordinario tras a convocatoria da Xunta Directiva, acordada por propia iniciativa desta ou cando o solicite un tercio dos asociados.

A convocatoria deberá efectuarse cunha antelación mínima de cinco días ao da reunión e non poderá tratar doutros asuntos que aqueles para os que se convocou. A petición dos asociados realizarase mediante escrito dirixido ao Presidente, autorizado coa sinatura dos peticionarios, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día. Cando non se convoque transcorridos dez días dende o da petición, os peticionarios poderán facer a convocatoria. A Asemblea Xeral así convocada poderá desenvolverse elixindo ao inicio un presidente e un secretario.

3.- De cada unha das reunións realizadas levantarase a correspondente acta, que certificará o secretario co visto e prace do Presidente.

#### Artigo 14.

1.- As asembleas xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando a elas concorran, presentes ou representados, a maioría dos asociados e, en segunda convocatoria, pasada media hora dende a fixada para a reunión en primeira convocatoria, calquera que sexa o número de asociados concorrentes. En todos os casos deberá cumprirse que os votos do sector privado representen como mínimo o 51% dos membros presentes ou representados e que ningún grupo de interese concreto (público ou privado) represente máis do 49% dos dereitos de voto na toma de decisións. Ademais na toma de decisións, os representantes das entidades directamente interesadas no asunto non poderán estar presentes nas votacións e se evitará o conflito de interese segundo o que establece no artigo 26

2.- Presidirá as Asembleas o Presidente da asociación ou o Vicepresidente en ausencia do Presidente. No caso de que nunha Asemblea validamente convocada non poidera asistir ningún dos dous, nomearase como Presidente en funcións para dita reunión o membro de maior idade que estea presente na reunión. Do mesmo xeito no caso de que o Secretario da asociación non poidera asistir á Asemblea nomearase como Secretario Accidental o membro de menor idade dos presentes na reunión.

3.- Os acordos adoptados obrigarán a todos os socios, incluso aos non asistentes. Os acordos acreditaranse mediante certificacións expedidas polo Secretario co Vº e Prace do Presidente.

#### Artigo 15.

1.- A Xunta Directiva é o órgano con facultades xestoras, executivas e de representación da Asociación.

2.- A Xunta Directiva da Asociación estará formada polos representantes dos asociados elixidos pola Asemblea Xeral, en función da pertenza destes a cada mesa sectorial, de acordo coa representatividade que a Asemblea Xeral lle outorgue a cada unha delas. Constará dun máximo de 21 membros. En todo caso, na Xunta Directiva deberán estar necesariamente representados, cando menos, os seguintes colectivos, sempre e cando sexan socios do GDR e desexen formar parte da mesma: as asociacións de mulleres, as asociacións de mozos, as asociacións de acción social, as asociacións cuxo obxecto social estea relacionado, de xeito prioritario, coa protección, conservación e/ou mellora do ambiente, as asociacións do sector agrario incluíndo as organizacións profesionais agrarias, as asociacións de empresarios e as asociacións profesionais, as asociacións do sector cultural e o sector público. Nin as autoridades públicas nin ningún grupo de interese concreto representarán máis do 49% dos dereitos de voto na toma de decisións.

3.- Os membros serán elixidos por un ano, con posibilidade de ser reelixidos ata acadar catro anos consecutivos no cargo coa excepción dos membros do sector público que serán renovados en función da súa permanencia no cargo público que ostentan en cada entidade pública que representen. Na primeira reunión da Xunta Directiva os membros desta elixirán de entre eles os cargos de Presidente, Vicepresidente, Secretario e Tesoureiro e 17 vocais máximo.

4.- Presidirá a Xunta Directiva o Presidente da asociación ou o Vicepresidente en ausencia do Presidente. No caso de que nunha Xunta Directiva validamente convocada non poidera asistir ningún dos dous, nomearase como Presidente en funcións para dita reunión o membro de maior idade que estea presente na reunión. Do mesmo xeito no caso de que o Secretario da asociación non poidera asistir á Xunta Directiva nomearase como Secretario Accidental o membro de menor idade dos presentes na reunión.


5.- Os membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos por falecemento, por renuncia voluntaria, por transcurso do prazo do mandato, pola extinción da entidade á que representen, por acordo da Asemblea Xeral. O cesamento conlevará, en todo caso, a obriga de poñer ao día ao sucesor e, eventualmente, de entregarlle a documentación pertinente.

6.- As vacantes que se produzan na Xunta Directiva cubriranse cos representantes dos asociados que elixa a Asemblea Xeral segundo a mesa sectorial e o sector público ou privado ao que pertenza a vacante.

#### Artigo 16.

A Xunta Directiva é o órgano competente para:

- a) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- b) Acordar e executar as accións de goberno e administración da Asociación.
- c) Propoñer ou conceder axudas no marco de programas ou proxectos que xestione a Asociación.
- d) Adoptar as medidas precisas para o cumprimento dos fins estatutarios e, en xeral, para a boa marcha da Asociación.
- e) Elaborar o informe económico anual, o orzamento, a memoria e o plano de actividades para a súa presentación na Asemblea Xeral.
- f) Interpretar os preceptos contidos nos estatutos e no regulamento de réxime interno, de habelo.
- g) Organizar e coordinar as actividades e distribuír os traballos e responsabilidades entre os asociados.
- h) Acordar a forma de pagamento das cotas de ingreso e periódicas.
- i) Elaborar o regulamento de réxime interior.



- j) A admisión e separación de socios.
- k) Cantas deriven da lexislación ou estatutos e, en xeral, cantas facultades non estean reservadas por aquelas ou por estes a outros órganos sociais, así como as delegadas pola Asemblea Xeral.

#### **Artigo 17.**

1.- A Xunta Directiva reunirse en calquera momento mediante convocatoria do Presidente, por propia iniciativa ou a instancia motivada de calquera dos seus membros, que indicarán os asuntos a tratar na orde do día.

2.- Entenderase validamente constituída en primeira convocatoria cando a ela concorran a maioría dos membros ou, en segunda convocatoria, pasada media hora dende a fixada para a reunión en primeira convocatoria, calquera que sexa o número de membros concorrentes. En todos os casos deberá cumprirse que os votos do sector privado representen como mínimo o 51% dos membros presentes ou representados e que ningún grupo de interese concreto (público ou privado) represente máis do 49% dos dereitos de voto na toma de decisións. Ademais na toma de decisións, os representantes das entidades directamente interesadas no asunto non poderán estar presentes nas votacións e se evitará o conflito de interese segundo o que establece no artigo 26. Poderán asistir ás sesións da Xunta Directiva, con voz pero sen voto, persoas ou entidades alleas á Xunta Directiva cuxo asesoramento sexa de interese para a adopción de acordos.

3.- Os membros da Xunta Directiva, en caso de ausencia, poderán delegar, por escrito, noutros membros do sector público ou privado, segundo o sector ao que pertenza o ausente.

4.- No proceso de toma de decisións, cada membro da xunta directiva ostenta un voto.

5.- Os acordos aprobaranse por maioría simple, tendo en conta a regra do artigo 6.2 sobre o equilibrio de poder entre os sectores público e privado.

6.- A Xunta Directiva poderá realizar as reunións ordinarias e extraordinarias, de maneira non presencial, sempre que se atopen participando a totalidade dos membros da mesma. Tales reunións poden desenvolverse cunhas comunicacións simultáneas e sucesivas, é dicir, un medio que reúna a todos os membros á vez, como o correo electrónico, a tele-conferencia, etc... ou mediante comunicación escritas dirixidas o representante legal nas que se manifieste a intención do voto sobre un aspecto concreto. No caso de que se realice unha reunión non presencial por medio do correo electrónico entenderanse aceptadas as propostas reflexadas na orde do día no caso de que non se manifieste en contra ningún membro no prazo de 24 horas. Quedará constancia documental suficiente.

#### **Artigo 18.**

A Comisión Permanente estará constituída polo Presidente, o Vicepresidente, o Secretario, o Tesoureiro e un vocal da Xunta Directiva. En todo os casos deberá cumprirse que os votos do sector privado representen como mínimo o 51% dos membros presentes ou representados e que ningún grupo de interese concreto (público ou privado) represente máis do 49% dos dereitos de voto na toma de decisións. Ademais na toma de decisións, os representantes das entidades directamente interesadas no asunto non poderán estar presentes nas votacións e se evitará o conflito de intereses segundo o que establece no artigo 26.

As súas funcións serán as que lle delegue especificamente a Xunta Directiva e reunirse alomenos unha vez cada mes.

#### **Artigo 19.**

O Presidente ostenta a representación legal da Asociación, tanto en xuízo coma fóra del, e ten voto de calidade en caso de empate nas votacións. Terá como funcións:

- a) Dirixir, ordenar e arbitrar os debates da Asemblea Xeral, da Xunta Directiva, así como convocar as súas reunións, presidilas e fixar o orde do día.
- b) Ordenar os gastos e pagamentos da entidade, asinando xunto co Tesoureiro.
- c) Autorizar coa súa sinatura os escritos e comunicacións necesarios para o funcionamento da Asociación, así como visar os documentos autorizados polo secretario, especialmente se teñen o carácter de certificacións.
- d) Asumir e realizar tantas encomendas como lle sexan encargadas por acordo da Xunta Directiva ou da Asemblea Xeral.
- e) Visar as actas das reunións e vixiar a execución dos acordos adoptados.
- f) Todas aquelas funcións que lle sexan atribuídas no Regulamento de Réxime Interno.
- g) Subscribir contratos a nome da Asociación, outorgar poderes a terceiros, interpoñer reclamacións en vía administrativa e ante a xurisdicción ordinaria e as especiais, aceptar donativos, legados e herdanzas a beneficio de inventario, exercitar accións e opoñer excepcións.
- h) Coordinar todas as actividades que constitúen o obxecto da Asociación.
- i) Exercer a xefatura do cadro de persoal da entidade.

#### **Artigo 20.**

O Vicepresidente, en ausencia do Presidente, exercerá todas as funcións e atribucións encomendadas a este.

#### **Artigo 21.**

Ao Secretario correspóndelle as seguintes funcións:

- a) Actuar exercendo como tal en todas as reunións.
- b) Custodiar os Libros de Actas e documentación da Asociación, excepto os Libros de Contabilidade.
- c) Dirixir, organizar e coordinar o desenvolvemento das actividades administrativas da entidade.
- d) Redactar e anotar nos libros correspondentes as actas das reunións da Asemblea Xeral, da Xunta Directiva e da Comisión Permanente, así como expedir certificacións dos mesmos co visto e prace do Presidente.



- e) Levar a correspondencia ordinaria, o rexistro e o ficheiro, así como custodiar os selos.
- f) Executar os acordos estatutariamente adoptados, baixo a supervisión do Presidente,
- g) Redactar a memoria anual da Asociación.
- h) Todas aquelas que lle sexan atribuídas no Regulamento de Réxime Interno.

**Artigo 22.**

Ao Tesoureiro correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Recadar os fondos para a Asociación, custodialos e investilos segundo acorde a Xunta Directiva.
- b) Efectuar os pagamentos acordados polo Presidente.
- c) Dirixir e ordenar a contabilidade, así como velar pola orde económica da Asociación.
- d) Elaborar o orzamento anual de ingresos e gastos, así como os balances.
- e) Levar os Libros de Contabilidade e o inventario de bens.
- f) Todas aquelas que lle sexan atribuídas no Regulamento de Réxime Interno.

**Artigo 23.**

1.- Os socios integrados na Asemblea Xeral organizaranse en dez mesas sectoriais, organizadas en torno aos seguintes ámbitos ou similares:

- 1) Mesa sectorial dos servizos turísticos no medio rural.
- 2) Mesa sectorial da carne e leite.
- 3) Mesa sectorial da formación para o desenvolvemento e novas tecnoloxías.
- 4) Mesa sectorial da multiproducción local.
- 5) Mesa sectorial do sector forestal: Aproveitamento do soutobosque e biomasa.
- 6) Mesa sectorial do comercio, pequena empresa e artesanía.
- 7) Mesa sectorial da biodiversidade e recursos naturais: Caza e pesca.
- 8) Mesa sectorial do patrimonio, cultura, deportes e etnografía.
- 9) Mesa sectorial de asuntos sociais.
- 10) Mesa sectorial Institucional.

2.- A mesas sectoriais dos servizos turísticos no medio rural, da multiproducción local, do sector forestal: Aproveitamento do soutobosque e biomasa, do comercio, pequena empresa e artesanía, da biodiversidade e recursos naturais: Caza e pesca, do patrimonio, cultura, deportes e etnografía e a de asuntos sociais correspóndelle un representante a cada unha delas na Xunta Directiva. As mesas sectoriais da carne e leite e da formación para o desenvolvemento e novas tecnoloxías correspóndelle a cada unha delas dous representantes na Xunta Directiva. E a mesa sectorial Institucional correspóndelle 10 representantes na Xunta Directiva.

3.- As mesas sectoriais teñen como finalidade servir tanto de canle participativo na Asociación dos actores locais implicados no desenvolvemento do territorio como de canle informativo das actividades da Asociación. Nas mesas sectoriais porase en común a problemática do sector ao que representen e as actuacións de mellora, proxectos, iniciativas... que o sector poida concibir, para elevar propostas a Asemblea Xeral.

4.- A Asemblea Xeral poderá variar as mesas sectoriais segundo as novas demandas ou sectores que xurdan no territorio e decidirá o número de representantes que lle corresponderá a cada mesa sectorial na Xunta Directiva. Os representantes das mesas na Xunta Directiva serán elixidos pola Asemblea Xeral por proposta de cada mesa. As especificacións das mesas, así como o seu réxime de funcionamento será regulado polo regulamento de réxime interior da asociación.

## TÍTULO VI. RÉXIME ECONÓMICO

**Artigo 24.**

1.- No momento da súa constitución, a Asociación carece de patrimonio fundacional. O exercicio económico pecharase o 31 de decembro de cada ano.

2.- A asociación terá patrimonio propio, que estará constituído polos ingresos provintes de:

- a) Achegas económicas dos asociados.
- b) Doazóns, subvencións, legados e herdanzas.
- c) Resultados económicos que se podan producir polas actividades organizadas pola entidade.
- d) Outros ingresos calquera permitidos pola lexislación vixente.



## TÍTULO VII. DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

### Artigo 25.

1.- A Asociación constitúese por tempo indefinido e poderá disolverse, no seu caso, por sentenza xudicial, por acordo tomado en Asemblea Xeral convocada ao efecto, por carecer de recursos económicos para cubrir os gastos máis elementais, por haber realizado o fin para o que se constituíu e polas demais causas que determina a Lei. Disolta a Asociación procederase á súa liquidación.

2.- Se non se acordase outra cousa na Asemblea Xeral, actuarán como liquidadores tres dos membros da Xunta Directiva, nomeados por esta para esa función.

3.- A comisión liquidadora farase cargo do patrimonio existente e satisfará as obrigas pendentes, se as houbera. O remanente, no caso de que exista, será entregado a calquera entidade legalmente constituída que se dedique a idénticos fins ou, no seu defecto, análogos aos desta Asociación.

## TÍTULO VIII. CONFLITO DE INTERESE

### Artigo 26.

Esta norma refírese exclusivamente á xestión das axudas nas que a asociación actúe como entidade colaboradora da Administración para a xestión da medida 19 (Leader) do PDR de Galicia 2014-2020.

A Asociación a efectos de evitar conflitos de interese nos membros dos órganos de avaliación e decisión establece o seguinte procedemento:

1. Deberá xuntarse a cada expediente unha declaración expresa, asinada por todas as persoas que participen na selección dun proxecto e que sinala que non teñen ningún interese persoal ou profesional directo na selección do citado proxecto.
2. Se un membro do comité de avaliación ou decisión da Asociación ten algún tipo de relación profesional ou persoal co promotor do proxecto, ou calquera interese profesional ou persoal nel, debe presentar unha declaración escrita explicando a natureza da relación ou interese, a cal deberá formar parte do expediente. Calquera interese común deberá declararse, incluídos os familiares, afectivos, políticos ou económicos.
3. Se un membro do comité de avaliación ou decisión se atopa na situación descrita no parágrafo anterior, non poderá participar no proceso de avaliación ou selección, nin atoparse presente durante o debate da proposta do proxecto. Esta circunstancia documentarase nas actas.
4. Cando exista dúbida sobre o interese común entre algún membro do comité de avaliación ou selección, a Asociación deberá remitir o asunto á AGADER ou calquer órgano similar para que adopte unha decisión sobre a efectiva existencia dun conflito de intereses.

  
VISADO:

Quedan visados a modificación dos presentes estatutos da **ASOCIACION DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ**, número **2008/12288** da sección primeira do Rexistro Provincial de Asociacións deste departamento territorial, consonte co establecido na Lei orgánica 1/2002 do 22 de Marzo.

Lugo, 20 de abril de 2016  
O Xefe Territorial

  
José Manuel Rozas Bello

Alejandro Alcalde Varela

Dilixencia que se estende para facer constar que advertido erro no nome da asociación no anterior visado, compre correxilo en aplicación do establecido no artigo 105.2 da Lei 30/1992, que dispón que as administracións públicas poden rectificar en calquera momento de oficio os erros materiais, en consecuencia o nome correcto da asociación é: **ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DA TERRA CHÁ**.

Lugo, 20 de Abril de 2016  
O Xefe Territorial

  
José Manuel Rozas Bello

Alejandro Alcalde Varela